



**BORRADOR ACTA DA SESIÓN ORDINARIA  
DO PLENO DO CONCELLO DE TUI (PONTEVEDRA)  
CELEBRADA O DÍA 28 DE SETEMBRO 2017**

**SESIÓN Nº 8/2017**

**ASISTENTES**

**ALCALDE-PRESIDENTE**

Enrique Cabaleiro González

**CONCELLEIROS/AS**

**GRUPO MUNICIPAL DO PP**

Antonio Castro Negro

Estrella Carmen Muradas Maceira

José Rodríguez Romero

Yovana Velázquez Torres

**GRUPO MUNICIPAL DO**

**PSdG-PSOE**

María Yolanda Rodríguez Rodríguez

José Ramón Magán Rivera

**GRUPO MUNICIPAL C21**

Carlos Vázquez Padín

Eduardo Freiría Martínez

**GRUPO MUNICIPAL**

**CIUDADANOS TUDENSES**

Milagros González Monteiro

Andrés Urseira González

**GRUPO MUNICIPAL BNG**

María Carmen Núñez Méndez.

José Martínez Tato

**GRUPO MUNICIPAL**

**ALTERNATIVA TUDENSE**

Miguel Ángel Capón Rey

María José González Pérez

**GRUPO MIXTO**

Laureano Alonso Álvarez

Na Casa do Concello, ás vinte horas do día vinte e oito de setembro de dous mil dezasete, reúnen os/as Concelleiros/as que están a marxe reseñados/as, baixo a presidencia do Alcalde-Presidente Enrique Cabaleiro González. Asiste a Secretaria do concello Pilar Fernández Alonso. O obxecto da reunión é realizar sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben.

María Jesús Da Silva Fernández, que toma posesión no 2º punto da orde do día.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, da a benvida e pide a todos que garden silencio e máximo respecto ás intervencións dos concelleiros, manifestando que non se admitirán manifestacións de aprobación nin reprobação a ditas intervencións realizadas no pleno.

## ORDE DO DÍA

### A) Parte resolutiva:

#### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR ORDINARIA Nº 7, DE 27 DE XULLO.**

En aplicación do disposto no artigo 91.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais, o alcalde comeza preguntando aos concelleiros se teñen algunha observación que realizar á acta correspondente á sesión ordinaria nº 7/2017, de 27 de xullo.

O concelleiro Andrés Urseira González intervén e indica que na páxina 3, na súa intervención, él dixo que aproveitaba para agradecer a confianza depositada polo anterior concelleiro, Manuel González Vázquez, que lle cedeu o seu posto, e que no borrador da acta se recolle que agradecía a confianza depositada polo anterior concelleiro, José Manuel Sousa Sousa.

Ao non haber máis observacións o alcalde somete a votación o citado borrador coa corrección indicada, que se **aproba por unanimidade dos membros presentes (16 votos a favor)**.

#### **2º.- TOMA DE POSESIÓN DE DONA MARÍA JESÚS DA SILVA FERNÁNDEZ Á VISTA DA CREDENCIAL REMITIDA POLA XUNTA ELECTORAL CENTRAL.-**

Vista a Credencial expedida pola Xunta Electoral Central de data 10-08-2017 a favor de dona María Jesús Da Silva Fernández pola lista de Alternativa Popular de Tui. Visto que a interesada presentou as declaracións de bens e de actividades e sobre causas de incompatibilidade.

Dona María Jesús Da Silva Fernández procede a prometer/xurar o cargo conforme aos termos do RD 707/1979, de 5 de abril, para a toma de posesión de cargos públicos, e manifesta:

*"Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro do Concello de Tui, con lealtade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado."*

O Sr. alcalde lle indica que pode ocupar o seu escano e a Sra. María Jesús Da Silva Fernández ocupa o seu escano.

Tomada posesión, o Alcalde dalle o uso da palabra.

A concelleira intervén e saúda dando as boas tardes a todos. A continuación indica que primeiro quere amosar o seu respecto á decisión de renuncia do anterior concelleiro José Manuel Sousa Sousa, así como o recoñecemento á súa labor e traballo estes dous anos. Comenta que afronta este reto con vontade de traballo e con responsabilidade, e que tentará que prime sempre o diálogo, o talante democrático e a procura de consenso. Agradece os apoios recibidos e a oportunidade que se lle brinda de traballar polo pobo de Tui.



A continuación o Alcalde da unha quenda de intervencións aos voceiros.

Intervén a voceira de Ciudadanos Tudenses, Milagros González Monteiro, dándolle a benvida pola súa incorporación.

Intervén a voceira do BNG, María Carmen Núñez Méndez, que lle da a benvida e manifesta que desexa que se colabore. Engade que sempre hai que chegar a puntos de encontro e alude a que por parte deles están dispostos.

Intervén o concelleiro do Grupo Mixto, Laureano Alonso Álvarez, que lle da a benvida e comenta que forman os dous o Grupo Mixto, que terán que compartir comisións e voceiros, e que lle desexa toda a sorte do mundo.

Intervén o voceiro de AT, Miguel Angel Capón Rey, que tamén lle da a benvida e comenta que a concelleira pode aportar porque ten unha formación que lle permite aportar e ten unha vocación democrática. Engade que agardan poder dialogar, falar e consensuar.

Intervén o voceiro de C21, Carlos Vázquez Padín, dándolle a benvida e desexándolle acerto e bó e fructífero traballo.

Intervén o voceiro do PP, Antonio Castro Negro, que lle da a benvida e comenta que sabe que é unha rapaza responsable e pensa que poderá aportar moito.

Para rematar intervén o Alcalde, dándolle a benvida e manifestando que é un pracer que pase a formar parte desta Corporación. Deséxalle sorte e lémbrale que sempre terá as portas abertas ao diálogo.

### **3º.- EXPEDIENTE 2236/2017. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, CONTRATACIÓN E SERVIZOS MUNICIPAIS DE DESIGNACIÓN DE FESTIVOS LOCAIS 2018.-**

Pola secretaria dase lectura ó ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servizos municipais, de data 21 de setembro 2017, favorable á proposta, que se transcribe literalmente:

#### **"PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Con data 18/09/2017 (RXE nº 8528), recibíuse neste Concello escrito da Xefatura Territorial de Pontevedra Sede Vigo, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola cal, coa finalidade de coordinar o procedemento de determinación das festas de carácter local para o ano 2018, se solicita que por parte deste Concello de faga a correspondente proposta de festas locais, e se remita a aquela Xefatura Territorial antes do 15 de outubro de 2017.

Visto que tal proposta debe ser aprobada polo Pleno da Corporación Municipal de conformidade co disposto no artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especiais e descansos, pola presente propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.-Designar como festivos locais do Concello de Tui, para o vindeiro ano 2018, os seguintes:

- 12 de febreiro, luns de Entroido.
- 9 de abril, luns de San Telmo.

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Traballo e Economía Social – Xefatura Territorial de Pontevedra Sede Vigo da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia."

Intervén o alcalde dicindo que foi unha proposta que foi a comisión informativa e alí votouse favorablemente, que pode haber debate de se o luns ou martes de entroido, pero que a proposta foi esa.

Toma a palabra a concelleira María Jesús Da Silva Fernandez dicindo que acaba de tomar posesión e que non asistiu ás comisións, polo que non coñece o debate que se puido producir. Engade que se absterá e emitirá voto nese senso.

A voceira de Ciudadanos Tudenses, Milagros González Monteiro, comenta que non realizará intervencións.

Intervén o voceiro de C21, Carlos Vázquez Padín, agradecendo ao alcalde que tomase esta proposta, como se propuxo pola oposición en anteriores anos. Engade que sería desexable que o desfile se trasladase de martes a luns. Remata anunciando que van votar a favor.

Intervén o voceiro do PP, Antonio Castro Negro, dicindo que van apoiar a proposta, que se levou igual o ano pasado, e que se poden compaxiñar as dúas cousas, competitividade e descanso.

Intervén o Sr. Alcalde, que comenta que a proposta da comisión viña dada porque en anteriores sesións plenarias traíase o martes, pero ao final aprobouse o luns, por iso se entendeu que non tiña sentido continuar coa proposta do martes.

A continuación o Sr. Alcalde somete a votación este punto, que se aproba por con dezaseis (16) votos a favor (3 PSdG-PSOE, 2 AT, 2 BNG, 1 de Laureano Alonso Álvarez do Grupo Mixto, 4 PP, 2 C21, 2 Ciudadanos Tudenses), cero (0) votos en contra e unha (1) abstención (da concelleira María Jesús Da Silva Fernández).

#### **En consecuencia o Pleno da Corporación acorda:**

**PRIMEIRO.-** Designar como festivos locais do Concello de Tui, para o vindeiro ano 2018, os seguintes:

- 12 de febreiro, luns de Entroido.
- 9 de abril, luns de San Telmo.

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Traballo e Economía Social – Xefatura Territorial de Pontevedra Sede Vigo da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

#### **4.- EXPEDIENTE 928/2017. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, CONTRATACIÓN E SERVIZOS MUNICIPAIS DE DESIGNACIÓN VOGAL MESA DE CONTRATACIÓN CONTRATO LIMPEZA VIARIA.-**

Pola secretaria dase lectura ó ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servizos municipais, de data 21 de setembro 2017, que se transcribe literalmente:



*"PRIMEIRO.-Designar como vogal membro da Mesa de Contratación, na licitación do servizo de limpeza viaria do Concello de Tui, á Concelleira Dona Milagros González Monteiro, voceira do Grupo Político Municipal de Ciudadanos Tudenses, en referencia ao concelleiro designado ao efecto entre os vogais dos grupos políticos da corporación municipal ao que aluden os pregos da devandita contratación.*

*SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á interesada e ao Departamento de Contratación para que se proceda a convocar á devandita Mesa de Contratación para a licitación do Contrato de Limpeza Viaria deste Concello."*

Toma a palabra a concelleira María Jesús Da Silva González, que comenta que reitera o dito no primeiro punto e que se vai abster.

Intervén a voceira de Ciudadanos Tudenses, Milagros González Monteiro, dicindo que agradece aos compañeiros que a propuxeran.

O voceiro de C21, Carlos Vázquez Padín, comenta que non fai intervencións neste punto.

Intervén o voceiro do PP, Antonio Castro Negro, dicindo que xa na comisión propuxeron á concelleira de Ciudadanos Tudenses.

Para rematar intervén o Alcalde dicindo que se está a licitar o servizo e que é unha formalidade, xa que se esixe que un dos membros da oposición forme parte da Mesa de Contratación.

A continuación o Sr. Alcalde somete a votación este punto, que se aproba por dezaseis (16) votos a favor (3 PSDG-PSOE, 2 AT, 2BNG, 1 de Laureano Alonso Álvarez do Grupo Mixto, 4 PP, 2 C21, 2 Ciudadanos Tudenses), cero (0) votos en contra e unha (1) abstención (da concelleira María Jesús Da Silva Fernández).

### **En consecuencia o Pleno da Corporación acorda:**

PRIMEIRO.-Designar como vogal membro da Mesa de Contratación, na licitación do servizo de limpeza viaria do Concello de Tui, á Concelleira Dona Milagros González Monteiro, voceira do Grupo Político Municipal de Ciudadanos Tudenses, en referencia ao concelleiro designado ao efecto entre os vogais dos grupos políticos da corporación municipal ao que aluden os pregos da devandita contratación.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á interesada e ao Departamento de Contratación para que se proceda a convocar á devandita Mesa de Contratación para a licitación do Contrato de Limpeza Viaria deste Concello.

**5º.- EXPEDIENTE 2233/2017. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS, FACENDA, PATRIMONIO E PERSOAL DE ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA A CESIÓN DE INFORMACIÓN DE CARÁCTER TRIBUTARIO ASÍ COMO DOS DEMAIS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS E A CONTRATACIÓN COADMINISTRACIÓN.-**

Pola secretaria dase lectura ó ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Patrimonio e Persoal, de data 21 de setembro 2017, favorable á proposta da alcaldía, que se transcribe literalmente:

**"PROPOSTA DO ALCALDE.**

**ASUNTO: ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA A CESIÓN DE INFORMACIÓN DE CARÁCTER TRIBUTARIO ASI COMO DOS DEMAIS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS E SUBVENCIONS E A CONTRATACIÓN COA ADMINISTRACIÓN.**

*Considerando o Convenio de colaboración entre a Axencia Tributaria de Galicia e a Federación Galega de municipios e provincias para a cesión de información de carácter tributario así como dos demais ingresos de dereito público para a concesión de axudas e subvencións e a contratación coa Administración.*

*E considerando de interese a adhesión a dito convenio de colaboración para a obtención de información procedente da Axencia Tributaria de Galicia, no desenvolvemento das funcións que as entidades locais teñen atribuídas e nos termos reflexados no indicado convenio, en especial en relación coa obtención de información sobre a situación de estar ao corrente das obrigas tributarias nos procedementos en materia de subvencións e de contratación coa administración.*

*Por todo isto, propónse ao Pleno municipal a adopción do seguinte acordo:*

*1º Solicitar a Adhesión ao Convenio de colaboración suscrito a Axencia Tributaria de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a cesión de información de carácter tributario así como dos demais ingresos de dereito público para a concesión de axudas e subvención e a contratación coa Administración.*

*2º Manifestar a vontade de adherirse expresamente a todas e cada unha das cláusulas do Convenio antes citado, asumindo as obrigas derivadas do mesmo e con suxeición a todas e cada unha das súas cláusulas.*

*3º Trasladar o acordo á Dirección Xeral da Axencia Tributaria de Galicia."*

Toma a palabra a concelleira delegada de Facenda e Patrimonio, Yolanda Rodríguez Rodríguez, dicindo que é un convenio entre dúas administracións que permite facilitar o intercambio de información para xestionar de forma máis eficaz e rápida os procesos de subvencións e contratación. Engade que por exemplo para acreditar estar ao corrente dos pagos materia tributaria, que a persoa ou persoas que solicitan a subvención ou acuden á licitación son as que teñen que presentar a información, pero que coa firma do convenio poderíamos acceder dende o Concello á base de datos e obter a información.

Intervén a voceira de Ciudadanos Tudenses, Milagros González Monteiro, dicindo que é algo positivo á hora de pedir unha subvención e que facilita os trámites.

Intervén o voceiro de C21, Carlos Vázquez Padín, que indica que hai unha parte positiva de axilizar algúns trámites e unha parte negativa que é que o cerco informativo estréitase, e que é algo que nos produce incomodidade aos liberais, polo que se van abster.



Intervén o voceiro do PP, Antonio Castro Negro, dicindo que pensan que é positivo, xa que evita desprazamentos para pedir certificacións de estar ao corrente no pago de obrigas tributarias, por exemplo.

Intervén novamente a concelleira Milagros González Monteiro e pregunta se pensaron facelo coa Seguridade Social e co Oral.

Intervén o Alcalde comentando que en principio o convenio está circunscrito a eses termos, que tampouco é unha competencia municipal, e que se trata dun convenio supramunicipal.

A continuación o Sr. Alcalde somete a votación este punto, que se aproba por catorce (14) votos a favor (3 PSdG-PSOE, 2 AT, 2BNG, 1 de Laureano Alonso Álvarez do Grupo Mixto, 4 PP, 2 Ciudadanos Tudenses), cero (0) votos en contra e tres (3) abstencións (2 de C21 e unha da concelleira María Jesús Da Silva Fernández).

**En consecuencia o Pleno da Corporación acorda:**

1º Solicitar a Adhesión ao Convenio de colaboración subscrito a Axencia Tributaria de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a cesión de información de carácter tributario así como dos demais ingresos de dereito público para a concesión de axudas e subvención e a contratación coa Administración.

2º Manifestar a vontade de adherirse expresamente a todas e cada unha das cláusulas do Convenio antes citado, asumindo as obrigas derivadas do mesmo e con suxeición a todas e cada unha das súas cláusulas.

3º Trasladar o acordo á Dirección Xeral da Axencia Tributaria de Galicia.

**6º.- EXPEDIENTE 693/2017.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2016 ASI COMO OS ESTADOS E CONTAS ANUAIS ANEXOS Á MESMA.-**

Vista a proposta da concelleira delegada de Urbanismo e Facenda, de data 04/09/2017, que se transcribe literalmente:

*"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE FACENDA*

*Formada a Conta Xeral do Orzamento Municipal de 2016 de acordo co establecido no Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba a Lei reguladora das Facendas Locais e na Orde EHA/4041/2004, de 23 de Novembro, polo que se aproba o modelo normal de Contabilidade Local.*

*Emitido o informe preceptivo da Intervención do Concello en data o 15 de maio do 2017.*

*Emitido o ditame preceptivo da Comisión Especial de Contas en sesión de data 22 de xuño de 2017*

*Exposta ao público, en cumprimento do disposto no artigo 212 do T.R. 2/2004 da Lei de Facendas Locais, mediante edicto publicano no BOP nº 131 de 10/07/2017, así como no Taboleiro de anuncios do Concello, durante quince días e oito máis, sen que se presentase reclamación algunha, é polo que esta Alcaldía-Presidencia, propón ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO: Aprobar a Conta Xeral do Exercicio 2016 así como os Estados e Contas anuais anexos á mesma.*

*SEGUNDO: Do presente trámite, así como da Conta Xeral aprobada, darase traslado ao Consello de Contas de Galicia, para coñecemento e efectos."*

A continuación intervén a concelleira delegada de Facenda e Patrimonio, M. Yolanda Rodríguez Rodríguez, dicindo que se trae a aprobación definitiva a Conta Xeral, e que o que reflicte esta documentación é o estado contable do concello. O concello a 31 de decembro ten un remanente de Tesourería de 8.770.654,08 €, o que supón un incremento respecto ao 2015 que foi de 5.737.156,98. Engade a concelleira que os ingresos melloraron, e que hai unha serie de subvencións que contablemente aparecen aquí, pero que a 31 de decembro non habían sido executadas polos permisos necesarios.

Continúa a intervención indicando que durante o exercicio anterior e este as partidas de educación e deportes están practicamente executadas na súa totalidade, e que aquelas que non foron executadas (como a compra de mobiliario para o arquivo) se trasladaron ao exercicio seguinte e aparecen contempladas. A concelleira delegada remata a súa intervención indicando que o concello de Tui é un concello saneado.

A concelleira María Jesús Da Silva Fernández e a voceira de Ciudadanos Tudenses, Milagros González Monteiro, indican que non fará intervencións.

Toma a palabra o voceiro de C21, Carlos Vázquez Padín, dicindo que para explicar o incremento do remanente hai outras explicacións, e alude ao cobro dos padróns da auga atrasados correspondentes ao 2014, que supón un incremento de sobre 600.000 euros.

A concelleira delegada de Facenda alude a que tamén hai un incremento de recaudación relacionado co urbanismo, pero que se trata de contías máis pequenas.

O voceiro de C21 remata a súa intervención anunciando que van votar favorablemente.

Intervén o voceiro do PP, Antonio Castro Negro, dicindo que son unhas contas que hai que remitir ao Consello de Contas, un balance do 2016, e que non hai nada máis que dicir.

Para rematar intervén o Alcalde que comenta que o goberno herdaba 5 millóns e nun exercicio case incrementou 3,5 millóns o remanente de Tesourería. Engade que este goberno manexou o orzamento máis baixo dos últimos quince anos, e en relación aos padróns da auga comenta que tamén houbo un detrimento porque no 2015 xa houbo que trasladar esa partida ao consorcio e aínda queda un padrón por trasladar. Continúa indicando que xa se iniciou un proceso de inversión e que se aprobaron proxectos con cargo ao remanente de Tesourería, e que agradece ao conxunto dos grupos políticos o apoio para facer esas inversións.

A continuación o Sr. Alcalde somete a votación este punto, que se aproba por quince (15) votos a favor (3 PsdG-PSOE, 2 AT, 2BNG, 1 de Laureano Alonso Álvarez do Grupo Mixto, 4 PP, 2 de C21 e 1 da concelleira María Jesús Da Silva Fernández), cero (0) votos en contra e dúas (2) abstencións de Ciudadanos Tudenses.

#### **En consecuencia o pleno da corporación acorda:**

*PRIMEIRO: Aprobar a Conta Xeral do Exercicio 2016 así como os Estados e Contas anuais anexos á mesma.*





SEGUNDO: Do presente trámite, así como da Conta Xeral aprobada, darase traslado ao Consello de Contas de Galicia, para coñecemento e efectos.

7º.- **MOCIÓNS DE URXENCIA.**- Non se presenta ningunha moción de urxencia polos grupos políticos.

**B) Actividade de control:**

8º.- **DISPOSICIÓNS DE INTERESE.** Dase conta das disposicións de interese que a continuación se transcriben :

**-DISPOSICIÓNS:**

Publicación pola Deputación de Pontevedra das bases reguladoras das subvencións para **investimentos en equipamentos e dotacións singulares** na mellora do reequilibrio territorial do servizo concellos de menos de 20.000 habitantes. BOP 156,16-08-2017

**-RESOLUCIONS:**

Resolución presidencial de data 10-08-2017 da Deputación de Pontevedra que se aproba a concesión dunha subvención o Concello de Tui por un importe de 48.398,75.-€, como consecuencia do reinvestimento dunha baixa producida dentro do Plan de Obras e servizos 2015 para o investimento denominado **“Senda fluvial: tramos comprendidos entre o Lavadeiro da Mariña e Praia da Metralla, Tui”**.

Resolución de Consellería de Economía, Emprego e Industria da Galicia de data 20-07-2017, pola que se concede o Concello de Tui unha subvención por importe de 56.084,50.-€ para o proxecto de **“Mellora da eficiencia enerxética no alumado do parque empresarial de Areas, Tui”**

Resolución presidencial de data 04-08-2017 da Deputación de Pontevedra que se aproba a concesión dunha subvención o Concello de Tui por un importe de 18.817,31.-€ dentro do Plan de Obras e servizos –Plan Concello 2017 para o investimento denominado **“Subministro de equipamento para Area de Cultura do Concello de Tui”**.

Acordo da xunta de goberno da Deputación de Pontevedra de data 03-08-2017 pola que se aproba a concesión dunha subvención para a consolidación do **Plan Compost Revitaliza- liña 1** , a asistencia técnica para a redacción dos plans municipais de recollida e tratamento de residuos que respondan os criterios do Plan Revitaliza por parte de persoal técnico da Deputación.

Resolución presidencial de data 21-08-2017 da Deputación de Pontevedra que se aproba a concesión dunha subvención o Concello de Tui por un importe de 28.296,74.-€ dentro do Plan de Obras e servizos –Plan Concello 2017 para o investimento denominado **“Intervención nas cubertas exteriores da Cárcere vella de Tui”**.

Resolución de data 18-08-2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, pola que se resolve conceder o Concello de Tui os seguintes  **cursos de formación ocupacional** dirixidas a persoas traballadoras desempregadas correspondentes aos exercicios 2017 e 2018:

- operacións auxiliares de montaxe de redes eléctricas
- operacións de fontanería e calefacción- climatización domestica.
- montaxe de mobles e elementos de carpintería

Comunicación da Deputación de Pontevedra de data 21-08-2017 segundo o cal en sesión de xunat de gberno de data 04-08-2017 se acorda aprobar a adhesión do Concello de Tui o programa “Tecendo Lazos 2017 par a realización da actividade RASTREXOS.

**9º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DE DENDE A Nº 2017-0907 de 21/07/2017 ATA A Nº 2017-1203 DE 22/09/2017.-**

O Sr. Alcalde indica que se da conta e que se puxo a disposición dos concelleiros as resolucións que constan no expediente de pleno, isto é:

-Resolucións asinadas electrónicamente: dende a nº2017-0907 de 21/07/2017 ata a nº 2017-1203 de 22/09/2017.

A Corporación queda enterada.

**10º.- DACIÓN DE CONTA DA MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DAS COMISIÓN INFORMATIVAS, DE ACORDO COS ESCRITOS PRESENTADOS POLOS VOCEIROS DE GRUPOS POLITICOS MUNICIPAIS PARTIDO POPULAR (RE nº 1891 de 28/08/2017) E CIUDADANOS TUDENSES (RE nº 7918 de 29/08/2017).**

A Corporación queda enterada dos escritos presentados polos voceiros dos grupos políticos municipais Partido Popular (RE nº 7891 de 28/08/2017) e Ciudadanos Tudenses (RE nº 7918 de 29/08/2017) relativos a modificación da composición das Comisións Informativas, e que a continuación se transcriben:

**1.- Escrito R.E. nº 7891 de 28/08/2017, do voceiro do grupo municipal do PARTIDO POPULAR.-**

*"D. Antonio Castro Negro, voceiro do Partido Popular de Tui.*

**EXPOÑO:**

*Designación dos membros das comisións informativas correspondentes; os que se indican a continuación*

**Comisión especial de Contas, Facenda e Patrimonio:**

*Titulares:*

*Antonio Castro Negro ..... Suplente ... José Rguez Romero*

*Estrella del Carmen Muradas Maceira ..... Suplente ... Yovana Velazquez Torres*

**Comisión informativa de Ensino, Servicios, Cultura, Turismo y Deportes**

*Titulares:*

*Estrella del Carmen Muradas Maceira ..... Suplente ... José Rguez Romero*

*Yovana Velázquez Torres ..... Suplente ... Antonio Castro Negro*

**Comisión informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servicios municipais**

*Titulares:*

*Antonio Castro Negro ..... Suplente ... Estrella del Carmen Muradas Maceira*

*José Rodríguez Romero ..... Suplente ... Yovana Velázquez Torres*

**Comisión especial de Distincións e Honores**

*Titulares:*

*José Rodríguez Romero ..... Suplente ... Antonio Castro Negro*



*Yovana Velázquez Torres ..... Suplente ... Estrella del Carmen Muradas Maceira."*

**2.- Escrito R.E. nº 7918 de 29/08/2017, da voceira do grupo municipal CIUDADANOS TUDENSES.**

*“Dña. Milagros González Monteiro, con D.N.I. 35555306C, en representación y portavoz, del grupo Político, CIUDADANOS TUDENSES.*

**EXPONGO:**

*Con respecto a la constitución y asignación de las comisiones informativas correspondientes a;*

- *Comisión especial de Contas*
- *Comisión informativa de Ensino, Servicos Sociais, Cultura, Turismo e Deportes.*
- *Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servicos Municipais.*

*Será titular de ellas Dña. Milagros González Monteiro y como suplente Andrés Urseira González con D.N.I. 35571952Z.*

*Con respecto a la constitución y asignación de las comisiones inforamativas correspondientes a;*

- *Comisión de Onores*

*Será o Titular D. Andres Urseira González, con D.N.I. 35571952Z, y como suplente Dña. Milagros González Monteiro.”*

A Corporación queda enterada.

**11º.- DACIÓN DE CONTA DOS ESCRITOS DE INCORPORACIÓN DA CONCELLEIRA YOVANA VELAZQUEZ TORRES AO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (RE 7892 de 28/08/2017) E O CONCELLEIRO ANDRES URSEIRA GONZALEZ AO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS TUDENSES (RE 7917 de 29/08/2017).**

A Corporación queda enterada dos escritos de incorporación da concelleira Yovana Velazquez Torres ao grupo municipal do Partido Popular (RE 7892 de 28/08/2017) e do concelleiro Andrés Urseira González ao grupo municipal de Ciudadanos Tudenses (RE 7917 de 29/08/2017) .

**12º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DO 18/08/2017 POLA QUE SE APROBA AS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO XERAL DESTE CONCELLO PARA O EXERCICIO 2018.**

A Corporación queda enterada da Resolución de Alcaldía do 18/08/2017 e documentación anexa pola que se aproban as liñas fundamentais do Orzamento Xeral deste concello para o exercicio 2018.

**13º.- DACIÓN DE CONTA DE INFORME EXECUCIÓN TRIMESTRAL DAS ENTIDADES LOCIAS, SEGUNDO TRIMESTRE 2017, DE CONFORMIDADE COA LEI ORGANICA 2/2012.-**

A Corporación queda enterada do informe de execución trimestral das entidades locais, segundo trimestre exercicio 2017, de conformidade coa Lei Orgánica 2/2012.

**14º.- DACIÓN DE CONTA DE INFORME DE MOROSIDADE, SEGUNDO TRIMESTRE EXERCICIO 2017, DE CONFORMIDADE COA LEI 15/2010, ASÍ COMO PERIODO MEDIO DE PAGO GLOBAL A PROVEEDORES, SEGUNDO TRIMESTRE EXERCICIO 2017, DE CONFORMIDADE CO REAL DECRETO 635/2014.-**

A Corporación queda enterada do informe de morosidade, segundo trimestre exercicio 2017, de conformidade coa Lei 15/2010, así como do período medio de pago global a provedores, segundo trimestre exercicio 2017, de conformidade co Real Decreto 635/2014.

**15°.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DE LEVANTAMENTO DE REPAROS INTERPOSTOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL, DURANTE O EXERCICIO 2016, PARA DAR CUMPRIMENTO AO ESTABLECIDO NO ARTIGO 218 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS.**

A Corporación queda enterada do informe de intervención de data 21/09/2017 de información relativa aos reparos interpostos no exercicio 2016 e principais anomalías detectadas en materia de ingresos, e das resolucións de alcaldía de levantamento de reparos interpostos pola intervención municipal, durante o exercicio 2016.

**C).- Rogos e preguntas:**

Toma a palabra a voceira de Ciudadanos Tudenses, Milagros González Monteiro, que realiza os seguintes rogos e preguntas:

-. Roga a poda de árbores na rúa Ourense e rúa Compostela, xa que hai ramas baixas que entorpecen a circulación.

-. Sobre o mural pintado na subida cara ó Piñeiro, pregunta se ten permiso de Patrimonio.

Responde o concelleiro delegado Sr. Martínez Tato que se trata dun muro privado e que leva alí tempo, e que só se cambiou a forma. Engade que se chamou a Patrimonio e dixo que non había problema.

A concelleira de CT pregunta polo seu custe e o concelleiro Sr. Martínez Tato comenta que o custe sería a pintura e o custe da grúa do concello que estivo alí.

A Sra. González Monteiro pregunta se o muro é de propiedade privada. O concelleiro Sr. Martínez Tato responde que si. A Sra. González Monteiro pregunta se o traballador que estivo na grúa é traballador do concello e qué pasa se cae. Responde o Sr. Martínez Tato que non, que é un autónomo que está dado de alta.

A Sra. González Monteiro pregunta que se calquera veciño quere prestar o muro para pintar se o concello lle pon a grúa, e se hai veciños de primeira e de segunda. O concelleiro Sr. Martínez Tato indica que hai que estudar cada caso, que neste caso é unha cousa emblemática que leva alí tempo, e engade que hai sitios de primeira e outros que non.

Pregunta a concelleira de CT qué criterio se segue. O Sr. Martínez Tato responde que hai que mirar cada caso, se é vistoso porque pasa moita xente, etc. Continúa o Sr. Martínez Tato e comenta que eles pintaron tres pontes de entrada a Tui e ningunha é propiedade do concello.

A concelleira de CT pregunta que se un veciño quere pintar para enaltecer a parroquia se o concello vai por a grúa. O Sr. Martínez Tato reitera que hai que ver cada caso.

Intervén o Alcalde e comenta que pensa que esa cuestión xa está contestada.

.- A concelleira de CT pregunta o motivo polo que non se fixo a concentración motera en Tui.

O alcalde responde que nos últimos anos se facía nas confluencias da rúa Compostela e rúa Lugo, e que é un evento susceptible de producir riscos. Engade que creen que esa zona urbana non é a máis axeitada, que en anos anteriores provocáronse protestas veciñais e que incluso o ano pasado deteriorouse a pintura das rúas recén executada. Continúa indicando que en Valença pensa que é máis adecuado o entorno do Campo da Feira, que pensa que non se pode equiparar. Engade que neste ano unha cuestión a maiores era que querían colocar na traseira da Área Panorámica unha discoteca móbil, ata as 3 da mañá, e que lle dixeron que ata esa hora nesa zoa non podía ser. Engade que lle ofreceron unha zoa alternativa en Cam Fram ata as dúas e que os organizadores rexeitaron esa opción



e dixeron que se ían a Valença. Remata indicando que non saben se Valença deu máis ou menos, e que eles tiñan unha subvención para ese evento.

A concelleira preguntalle ao concelleiro de Eurocidade se tiña constancia que ese evento se ía facer en Portugal. Intervén o Sr. Capón Rey e contesta que non.

Toma a palabra o voceiro de C21, Carlos Vázquez Padín, que realiza os seguintes rogos e preguntas:

1.- Como vai a tramitación da abertura da rúa Ourense? Vostedes dicían a inicios do mandato que calculaban que a finais do 2016 estaría aberta, como explican o retraso?

Responde o alcalde que o outro día se aprobou en Xunta de Goberno Local o expediente e que estase notificando aos interesados, que se agora se opoñen vai ao Xurado. Engade que agora haberá que negociar o espazo temporal para deixar os locais de negocio ou vivendas, que pensa que a lei marca tres meses, e que a partir de aí farase efectivo o pago e poderanse levantar as actas de ocupación e licitar. Continúa indicando que no expediente houbo un trámite burocrático de adecuación de proxecto.

2.- Como vai o PEPCH? Está xa aprobado? Responde a concelleira delegada de Patrimonio, Carmen Núñez Méndez, que non está aprobado, que foi remitido en agosto e que hoxe chegou un requirimento de que pedían informes sectoriais, algunha documentación complementaria e comunicaban que ían pedir a Patrimonio unha aclaración. Engade que intentarán enviar o requerido o antes posible, e que cando se remite a Urbanismo hai un prazo de dous meses para que resolvan, e que agora queda en suspenso dito prazo ata que eles reciban o requerido.

3.- Como van as conversas coa igrexa para utilizar terreos do seminario para aparcamento? A concelleira de Patrimonio responde que está supeditado á aprobación previa do Plan Especial.

Intervén o concelleiro Sr. Capón Rey, que comenta que unha cousa é o contemplado como aparcamento no PECH e outra cousa a negociación coa Igrexa para aparcamento nas antigas hortas do Seminario. Engade que o Seminario é de propiedade municipal e comenta que pensa que foi en 1841 que ao Concello de Tui lle piden un terreo para Seminario. Engade que despois o Pleno toma unha decisión plenaria que se escritura, que despois hai outro acordo plenario de ceder en precario as hortas, e que hai unha condición, se ceden mentres Tui sexa Sede Episcopal.

Continúa indicando o Sr. Capón Rey que o Concello polo Plan Especial ten que aprobar o uso do edificio, independentemente do propietario, porque o uso se prevé como relixioso, e para facer outros fins hai que facer un cambio de uso a través do Plan Especial. Engade que non se pode negociar coa Diocese ata que esté aprobado o Plan Especial. Indica que por outro lado o cedente e o cesionario teñen que porse de acordo, que no contrato se pode concretar o uso ao que se vai destinar como cedente, e que aí é onde entra a negociación do Concello. Conclúe indicando que todos sabemos que se realizaron obras no Seminario que non teñen licenza, e que o Concello terá que negociar, porque como está hoxe o Concello non obtén nada.

4.- Rógolles que teñan en conta e coordinen co Sergas como se vai plantexar a reforma de Casal Aboy, de tal maneira que non vaia xerar ningún problema o feito de que as ambulancias só teñan un carril de saída e que en caso (improbable pero posible) de avaría ou accidente a saída fiquen atascada.

Responde o Alcalde que no proxecto de humanización desa rúa prevalecerá o servizo que ten, e que garantir a seguridade e accesibilidade do Centro de Saúde vai ser a premisa prioritaria.

5.- En que fase está a ampliación da plantilla da policía local?. Responde o concelleiro delegado de Persoal, Sr. Magán Rivera, que aínda non se iniciou o proceso, que a lei de presupostos saíu agora, e que están agardando á normativa de desenvolvemento. Indica que ten que facerse previamente a Oferta de Emprego Público e que o volume de traballo no departamento de Persoal é elevado.

Pregunta o Sr. Vázquez Padín cal é a previsión. O Sr. Magán Rivera comenta que oxalá poida ser ao longo deste trimestre. O Sr. Vázquez Padín pregunta se depende da aprobación previa do Ministerio. Responde o Sr. Magán Rivera que entende que agora non.

6.- O mural que está á beira do beiramiño ten permiso de patrimonio?. Comenta o Sr. Vázquez Padín que despóis de escoitar a anterior intervención do Sr. Martínez Tato, parece que o criterio é absolutamente arbitrario da consideración do concelleiro. Engade que consideran que é unha falcatrúa grave pintar aí, con deterioro dunha entrada do Casco Histórico ademáis das dúbidas legais que xera, e que a eles parécelles un atentado patrimonial.

7.- Hai xente que se queixa de que a superficie do pavillón da Macoca non é apta, que o chan non escorrega e que podería facilitar lesións deportivas. Responde o concelleiro delegado de Deportes, Laureano Alonso Álvarez, que esa obra se fixo cun proxecto técnico e se certificou a obra por técnico municipal. Engade o concelleiro delegado que nestes intres a utilización da pista é bastante aceptable, e que cando rematou a obra o técnico da empresa dixo que esa pista permite que se poida empregar no inverno, que se a pista fose deslizante en inverno non se podería empregar. Comenta que os clubs dixeron que non era unha pista adecuada para determinados deportes, pero que foi unha postura inicial, e que agora baloncesto entrena alí.

Comenta que balonmano decidiu ir para a pista da Macoca, o que libera horas no Pavillón. E engade que igual a pista non vale para fútbol sala de momento, pero que pensan que co tempo e uso vai ser utilizable para todos os deportes.

8.- Recibimos queixas de veciños do casco histórico polas medidas de circulación e aparcamento adoptadas durante o festival Arraianos. Medidas que ao parecer foron bastante confusas. Solicitamos pois que en próximas convocatorias teñan mellor planificado este asunto.

Responde o Sr. Magán Rivera que pode que houbese certa complexidade no plano, e que a Policía tivo moitas consultas de como interpretalo. Indica que tentarán melloralo.

9.- O antigo edificio de Cam Fram parece que é un lugar frecuentado por adolescentes que acceden libremente a este inmovible abandonado co conseguinte perigo de que se poida producir calquer tipo de accidente. Polo tanto pedimos que se tomen as medidas pertinentes para impedir o acceso ao inmovible e previr calquer risco ou desgraza.

Intervén o Sr. Capón Rey que comenta que había un proxecto de demolición, porque o Pleno decidiu ofrecerllo á Xunta como Sede dos Xulgados. Engade que parece que agora os xulgados van para outro sitio, e que entón agora habería que facer un proxecto de rehabilitación. Engade que hai outras edificacións en Cam-Fram, arriba, que cando menos hai que axeitalas. Remata indicando que hai que facer un proxecto e despois a administración verá o uso que se lle da.

Pregunta o Sr. Vázquez Padín se non se pode demoler. O Sr. Capón Rey resposta que o proxecto de demolición está feito e pregunta que despois que fan, se vivendas, porque é o uso que está.

O Sr. Vázquez Padín reitera que é un sitio perigoso con vidros cortados.

10.- Durante a pasada semana algunhas estradas foron fumigadas con herbicidas. Teñen constancia deste feito? O organismo competente formula algún aviso previo ao Concello? De non facelo poderíase contactar coa administración competente para que si o faga?. Comenta o Sr. Vázquez Padín que o idóneo sería que rozasen, non que fumigasen, e que non se pode facer algo.

O Sr. Martínez Tato comenta que a Xunta fumigou as estradas da Xunta, e que non avisaron. Engade que cando se enteraron chamaron e que na Xunta lle dixeron que eran estradas deles e que fan o que consideran. Comenta que pasou o mesmo o ano pasado e que non avisan.

A continuación intervén o voceiro do PP, Antonio Castro Negro, que realiza os seguintes rogos e preguntas:



## EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 - 36700 - Tui

Telef: 986 603 625 - Fax: 986 600 570

.- En relación co camiión da Mancomunidade, pregunta onde está e cando lle toca vir a Tui. O Sr. Martínez Tato responde que cree que está en Tomiño e que a Tui virá en novembro-decembro. Engade o concelleiro que se ten falado para cambiar as datas porque a Tui sempre lle tocou en inverno.

.- No barrio de Lugariño, onde está o colexio público, hai unha estrada que necesitaba polo menos bachear ou parchear. O Sr. Martínez Tato comenta que está previsto no Plan da Deputación asfaltar esa estrada ata Pazos de Reis, e que faltan os permisos pensa que de montes.

.- En relación coa pintada na subida cara o Piñeiro dixeron que a persoa que estaba aí era un autónomo. Engade que supón que recabarían certa documentación, se ten seguro, se está dado de alta... O Sr. Martínez Tato indica que xa estaba de alta cando pintou o mural do nº 1. O Sr. Castro Negro alude a se se verificou tamén se estaba ao corrente de pagos e o Sr. Martínez Tato responde que si. O Sr. Castro Negro pregunta quen fixo a autorización, e se consta. O Sr. Martínez Tato resposta que non. O Sr. Castro Negro pregunta se a autorización a fixo o Sr. Martínez Tato. O Sr. Martínez Tato resposta que se falou co equipo de goberno e se dixo que para adiante. O Sr. Castro Negro comenta que a xestión é cando menos trapalleira.

O Sr. Castro Negro pregunta se os equipos de Valença poden actuar en Tui. Responde o Sr. Alonso Álvarez que, se somos Eurocidade, o somos para todo. Engade que ofrecéuselles adestrar no Campo de Ribadelouro e que pensa que non ten nada de especial, que a un campo de herba sintética non lle supón nada que se poida adestrar alí. Engade que comparten instalacións, eventos e experiencias deportivas con Valença, e que hai un equipo de veteranos que se chama Eurocidade Tui-Valença e que está máis ou menos composto por xogadores 50% galegos e 50% portugueses. Invita a que vaian a ver a convivencia que hai, que é un exemplo, e comenta que pensa que é o camiño a seguir polo deporte de Tui. Engade que é positivo que haxa equipos mixtos, e que van moi por diante das políticas e leis estatais. Continúa indicando que haberá que porse dacordo as federacións e rachar coas fronteiras, e que ogallá teñamos no futuro moitas actividades deportivas conxuntas.

O Sr. Castro Negro pregunta se a fosa séptica que hai no campo de Ribadelouro se vai arranxar.

O Alcalde responde que as competencias de saneamento están derivadas no Consorcio, que tería que asumir un ramal, e que o Consorcio reitera que non ten fondos para obras de investimento.

O Sr. Castro Negro pregunta se o concello non pode cos seus propios medios resolver o problema, dado que pensa que é un tubo que está aplastado. O Alcalde comenta que son coñecedores da cuestión.

E ó non haber máis asuntos que tratar, o Alcalde-Presidente da por rematada a sesión ás vinte e unha horas e vinte e cinco minutos, estendéndose a presente acta da que eu, Secretaria, dou fe.

Documento asinado dixitalmente á marxe.